La Voz de Galicia

# O mindoniense Xulio do Canelo foi nomeado mestre da memoria nunha gala da AELG

La Voz Mondoñedo

O acto da AELG no que foi distinguido Xulio Rodríguez celebrouse este venres en Lugo

24 de outubro de 2026

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/mondonedo/2026/10/23/span-langgl-mindoniense-xulio-do-canelo-foi-nomeado-mestre-da-memoria-nunha-gala-da-aelgspan/00031792771320611392897.htm

**Xulio Rodríguez Leiras**, coñecido como Xulio do Canelo, labrego xubilado de Mondoñedo, foi nomeado e distinguido aos seus 78 anos na **XI Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria 2026** celebrado onte en Lugo. O acto, organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) co apoio do Concello de Lugo e a colaboración da Deputación Provincial, e no que tamén foi nomeada mestra da memoria Yolanda Díaz Gallego, tivo lugar na Sala de Exposicións da institución provincial.

Cómpre lembrar que a Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG, previa deliberación do grupo de traballo composto por Ana Acuña, Félix Castro Vicente, Carme Pernas Bermúdez, Carlos Solla, Xurxo Souto, Cesáreo Sánchez Iglesias, Xosé Manuel Varela, Lois Pérez e Antonio Reigosa, propuxo ao Consello Directivo da AELG recoñecer a ámbolos dous como mestres da memoria «**polas súas achegas á mesma ao longo das súas vidas, contribuíndo así a manter viva unha parte fundamental da nosa memoria colectiva e o saber popular**».

Horas antes do acto, Antonio Reigosa destacou de Xulio Rodríguez o mérito «de conservar a memoria e transmitila». Salientou o seu traballo como labrego, cun papel moi activo no Sindicato Labrego Galego, incidindo en que na actualidade «está moi implicado na memoria histórica». Reigosa lembrou que, ademais dun namorado da historia mindoniense, é «un cunqueirófilo entregado», gran coñecedor da obra de Cunqueiro ademais «dun entregado á causa da literatura cunqueiriana», destacando tamén a súa devoción por Leiras Pulpeiro. Desde o SLG tamén celebraron este nomeamento nas últimas horas nas súas redes sociais: «Non podemos estar máis felices de que Xulio do Canelo -Xulio Rodríguez Leiras-, labrego de Mondoñedo e membro activo do sindicalismo labrego na Transición, referente fundamental no SLG dende os tempos da loita contra a Cota Empresarial, reciba o recoñecemento de Mestre da Memoria 2026».

No acto de onte, conducido por Lois Pérez, estaban previstas as intervencións de Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG; de Reigosa, quen leu a «laudatio» de Xulio do Canelo, e de Lucía Arroxo, que deu lectura á «laudatio» de Díaz Gallego. Secho puxo a nota musical.